



AXUDAS

Programa APROL Economía Social

Convocatoria 2023



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



CONTIDO

Normas xerais e convocatoria	2
Programa I – Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais	4
Programa II – Fomento do acceso á condición de persoa socia	6

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-economía social), e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 29, do 10.02.2023).

FINALIDADE

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras a cooperativas e sociedades laborais a través de 2 programas de axudas:

- PROGRAMA I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
- PROGRAMA II: Fomento do acceso á condición de persoa socia.

BENEFICIARIAS

Esta convocatoria diríxese a:

- a) Cooperativas e sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I.
- b) Persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laboráis ou doutras empresas que se transformen nestas, para as actuacións previstas no programa II.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

PROGRAMA I (procedemento TR802G)

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PROGRAMA II (procedemento TR802J)

As solicitudes presentaranse **preferiblemente** por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG e ata o 15 de setembro de 2023

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente por razón de territorio para tramitar e resolver estas axudas é a xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Concorrencia non competitiva

EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS

Son subvencionables as incorporacións que se produzan dentro do período de execución.

Para o programa II, o pagamento efectivo da achega ao capital social debe facerse no mesmo período.

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 01/10/2022 ata o 30/09/2023

XUSTIFICACIÓN

As persoas ou entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme os modelos que figuran como anexos na orde.

DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

31 de outubro de 2023

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 4.300.000,00 €. A distribución inicial de créditos entre os dous programas é a seguinte:

- Programa I: 2.400.000,00 €.
- Programa II: 1.900.000,00 €.

PROGRAMA I – FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

FINALIDADE

Fomentar a incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido ou a proba.

BENEFICIARIAS. REQUISITOS

1. Poderán acollerse a estos incentivos as cooperativas e sociedades laborais que incorporen persoas socias traballadoras ou de traballo en centros de traballo de Galicia.

a) Se a incorporación é de **carácter indefinido**, as persoas incorporadas serán:

- **Persoas desempregadas** inscritas como demandantes de emprego.
- persoas vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de **traballo temporal**.
- **persoas socias a proba** da cooperativa á que se incorporan, sempre e cando sexan desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento de incorporarse como tales persoas socias a proba.
- **persoas asalariadas dunha empresa que se transforma nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non sexan socias da empresa transformada.**

A incorporación deberá supoñer un incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral, respecto á media dos últimos 12 meses.

b) Se a incorporación é como **persoa socia traballadora ou de traballo a proba**, esta debe ser unha persoa menor de 30 anos (ou menor de 35 anos se ten discapacidade), **desempregada e inscrita como demandante de emprego**.

A incorporación poderá ser a **xornada completa ou a tempo parcial**. Neste caso, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria.

2. Non se concederá esta subvención cando se trate da incorporación de:

- persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral nos 2 anos anteriores á súa incorporación.
- persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias nos últimos 5 anos.

Estas limitacións non se aplicarán no caso de que a incorporación anterior fose como persoa socia a proba.

3. As cooperativas e as sociedades laborais deberán cumplir cos topes máximos de persoas traballadoras por conta allea da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

4. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais deberán acreditar a viabilidade do seu proxecto empresarial.

CONTÍA DOS INCENTIVOS

1. Por cada persoa que se incorpore **con carácter indefinido** e a xornada completa: **6.000,00 €** con carácter xeral.

Esta contía **incrementarase nas porcentaxes** que se sinalan a seguir e que son acumulables entre si:

- a) un 25% se a persoa incorporada é unha **muller**.
 - b) un 25% se a persoa incorporada ten **discapacidade** ou se atopa en **situación ou risco de exclusión social**.
 - c) un 25% se a persoa incorporada ten unha **discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral**.
 - d) un 25% se a persoa incorporada ten **máis de 45 anos**.
 - e) un 25% se a persoa incorporada ten a condición de **emigrante retornada**.
 - f) un 25% se a persoa incorporada ten a **condición de trans**.
 - g) un 25 % se o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia está situado nun **concello rural**.
 - h) un 25% se se trata dunha **cooperativa xuvenil**.
 - i) un 25% se se trata dunha **entidade de nova creación constituída inicialmente con 4 ou máis persoas socias traballadoras**.
2. Por cada mozo ou moza incorporada como **persoa socia traballadora ou de traballo a proba** a subvención ascenderá a **600,00 € ao mes**, por un período de entre 6 e 12 meses.
3. Cando a dedicación sexa a **tempo parcial ou en condición de fixo descontinuo**, a contía dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

3. A contía máxima por beneficiaria será de **67.500,00€**.

OBRIGAS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 19 da orde, as entidades beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumplir as seguintes obrigas:

1. Manter polo menos durante **2 anos** desde a data da resolución de concesión unha **forma xurídica** de entre as elixibles para resultaren beneficiarias da subvención concedida, así como a **actividade empresarial**.

2. No caso de subvencións por incorporación con carácter indefinido: **manter a persoa** pola cal se concede a subvención como persoa socia traballadora ou de traballo co mesmo carácter, polo menos durante **2 anos** desde a súa incorporación.

No caso de subvencións por incorporación como **persoa socia a proba**, débese manter a persoa incorporada, polo menos, no tempo subvencionado.

En ambos os casos, no suposto de baixa da persoa socia nese período, existe a obriga de substituíla por outra. O feito da baixa ou a substitución deben ser comunicados nun mes. A nova incorporación en ningún caso dará lugar a unha nova subvención.

3. Manter o incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo indefinidas da cooperativa ou sociedade laboral, respecto a media dos últimos doce meses polo menos durante 2 anos.

PROGRAMA II – FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓN DE PERSOA SOCIA

FINALIDADE

Fomento do acceso:

- á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou de sociedades laborais.
- de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas.

Facilitase mediante o financiamento das **achechas económicas ao capital social** que debe desembolsarse para a incorporación como persoa socia.

BENEFICIARIAS. REQUISITOS

Poderán ser beneficiarias:

1. As persoas que accedan á condición de **persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral** con carácter indefinido, que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado en Galicia e que no momento da súa incorporación sexan:

- a) Persoas **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego.
- b) Persoas **socias a proba** da cooperativa á cal se incorporan.
- c) Persoas **asalariadas** da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorporan.
- d) Persoas **asalariadas dunha empresa que se transforme** nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.
- e) Persoas **socias traballadoras ou de traballo** dunha cooperativa ou sociedade laboral **a tempo parcial** accedan á mesma condición a tempo completo.

A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial, comprendendo, neste último caso, como mínimo o 50% da xornada ordinaria.

Deberase acreditar a viabilidade do proxecto empresarial ao que se incorpora a persoa solicitante mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.

As cooperativas e as sociedades laborais deberán cumplir os topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

2. As persoas **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego que **emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa** como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen, sempre que teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia.

A incorporación debe producirse durante o período de execución, e non poden transcorrer máis de 2 anos entre o inicio da actividade por conta propia e a incorporación.

Deberase acreditar a viabilidade da actividade económica que a persoa realizará por conta propia mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.

Aclaración:

- Ningunha persoa poderá ser beneficiaria de máis dunha subvención das previstas neste programa.
- Non se poderá conceder esta axuda a persoas que obtivesen unha subvención para financiar a achega ao capital social de cooperativas ou sociedades laborais durante os últimos 5 anos, agás no suposto sinalado no número 1.e) anterior.

CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

1. Con carácter xeral:

- As persoas beneficiarias previstas no punto 1, letras b) c) e d) e no punto 2 do apartado anterior: **ata 6.000,00 €.**
- As persoas beneficiarias previstas no punto 1.e): **ata 3.000,00 €.**

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a seguir, que son acumulables entre si:

- un 25 % se a persoa beneficiaria é unha **muller**.
- un 25% se a persoa beneficiaria ten **discapacidade** ou se atopa en **situación ou risco de exclusión** social.
- un 25 % se a persoa incorporada ten unha **discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral**.
- un 25% se a persoa beneficiaria ten máis de **45 anos**.
- un 25% se a persoa beneficiaria ten a condición de **emigrante retornada**.
- un 25% se a persoa beneficiaria ten a condición de **trans**.

- un 25 % no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun **concello rural**.
- un 25% se se trata dunha **cooperativa xuvenil**.
- un 25% se se trata dunha **entidade de nova creación constituída inicialmente con 4 ou más persoas socias traballadoras**.

3. Cando a dedicación da persoa incorporada sexa a tempo parcial ou en condición de fixo descontinuo, a contía máxima dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. As contías referidas nos anteriores puntos en ningún caso poderá ser superiores ás que subscriba o socio ou socia en concepto de achega de capital social e cota de ingreso, ou de accións ou participacións sociais segundo o caso, pola súa incorporación.

OBRIGAS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 19 da orde, as persoas beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumplir as seguintes obligas:

1. Manter a condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral a que se incorporan por un período mínimo de 2 anos desde a súa incorporación.
2. O importe das ditas subvencións recoñecido como capital social deberá **manter o seu carácter de achegas ao capital social** de sociedades cooperativas, **ou de accións ou participacións sociais de clase laboral**, no caso das sociedades laborais, durante un período mínimo de **2 anos** desde que se realice a achega.

Durante este período, non poderán ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos. Non obstante, a persoa socia que cause baixa obligatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para substituíla nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo.

Esta substitución non dará lugar a unha nova subvención.

MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
981 957 745

Xefatura Territorial da Coruña
Avda. Salvador de Madariaga, 9
15071 A Coruña
981 185 799

Xefatura Territorial de Ourense
Avda. de La Habana, 79
3971 Ourense
988 386 401

Xefatura Territorial de Lugo
Rolda da Muralla, 70
27071 Lugo
982 294 329

Xefatura Territorial de Pontevedra
Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
986 817 753

empregoeigualdade.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal